

25 DE NOVEMBRO

DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

"25 LAZOS VIOLETAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

A Secretaría da Muller do STEG propón unha actividade para que realicen conxuntamente as alumnas e alumnos de todos os niveis do centro, para conmemorar o día internacional contra a violencia de xénero.

ACTIVIDADE:

- Confeccionar con distintos materiais: lazos, tiras de cartolinas, tiras de folios, retallos de tea, etc., todos eles dunha soa cor, VIOLETA, un lazo como indica o debuxo.



Posteriormente, onde se entrecruzan as puntas, pegarase pola parte posterior un anaco de fío, tanza, corda, etc..., do cal pendurará un cartel no que se escribirá o lema:

"25 LAZOS VIOLETAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

Na súa parte posterior as alumnas e alumnos, a libre elección, pegarán, pintarán, escribirán, etc., un debuxo, frase, recorte,... relacionado co tema.

- SUXESTIÓN PARA O CENTRO: no centro pódese preparar unha zona axeitada para pegar estes lazos confeccionados polas alumnas e alumnos, ben pode ser nun corredor, nunha parede do patio de recreo, etc... .

SECRETARÍA DA MULLER DO STEG